



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 03-11-2025

Data final de exposición: 25-11-2025

O Porriño, a de de

BASES DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS DE ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN LABORAL PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2025 / 2026".

PRIMEIRA.- OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto, por razóns de urxencia e inaprazable necesidade, a selección e contratación, de dous/as técnicos/as de orientación e prospección laboral, asimilados ao grupo 2, a xornada completa de 37,5 h./semanais, mediante a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, código 405, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada ata o 14 de outubro de 2026, denominado "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2025/2026", sendo a súa execución aprobada por Decreto da Alcaldía de data 14-08-2025, a teor do disposto na disposición adicional novena do texto refundido da Lei de emprego, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, introducida por Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e en virtude da subvención concedida por resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de data 15 de outubro de 2025, (expediente núm. TR332A 2025/60), ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A), publicadas no DOG nº 136, de data 17/07/2025.

As persoas seleccionadas e contratadas para a execución do devandito programa empregarán obrigatoriamente o galego en toda a documentación, e ademais deberá incluír en toda a documentación os logotipos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e do Ministerio de Traballo e Economía Social. Deberán tamén deixar no centro de traballo unha copia de toda a documentación xerada.

A xornada laboral realizarase no horario que se determine polo Concello atendendo ás necesidades do servizo. Cando as necesidades do servizo o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde e no horario que determine o Concello.

Funcións a realizar: Tendo en conta que as persoas seleccionadas e contratadas terán como obxectivo esencial desenvolver o programa integrado, promovendo a inserción social e laboral dos beneficiarios do programa, mediante a prospección e o desenvolvemento de itinerarios individualizados e Integrals de Inserción, as súas principais funcións serán:

- Coordinar co equipo da concellería delegada da que depende o desenvolvemento das accións do proxecto e planificar o desenvolvemento integral (Cronograma, fases, programación formativa, prácticas, contacto coas empresas coas que se asinou convenio ou outras, captación de novas empresas, seguimento de execución e preparación de documentación para as distintas xustificacións do desenvolvemento do programa).
- Realizar accións de identificación e análise de perfís persoais e profesionais dos/as usuarios/as, para o establecemento de itinerarios individuais e grupais coa metodoloxía establecida no Programa.
- Realizar accións de orientación laboral, información, asesoramento e acompañamento na busca de emprego.

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)
Data de Expedición: 03/10/2025
Data de Sinalado: 03/10/2025
MAGN: 2316626c-efb8-4100-b6-56a44526



Cod. Validación: 4EX739LEHYH6LMXPMQEGTEHG
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPública | Páxina 1 a 14





Concello do Porriño

- Detectar necesidades formativas, así como axuda no deseño, programación, posta en marcha e seguimento dos cursos de formación, convenios de colaboración con empresas, etc.
- Realizar un diagnóstico das condicións da ocupabilidade das persoas participantes que se integren no proxecto e o deseño do seu itinerario de inserción persoal, e posterior derivación a cada unha das accións que compoñan dito itinerario, así como o seguimento xeral do itinerario a realizar por cada persoa.
- Seguimento e apoio do alumnado en períodos de formación ou convenios de colaboración e supervisión de fichas e partes de asistencia de tódalas accións organizadas ó amparo do presente proxecto (rexistrando as incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento dos mesmos).
- Realizar un análise do mercado de traballo do tecido empresarial, creando unha rede de contactos entre o empresariado e o concello, que promova oportunidades de incorporación no mercado laboral das persoas participantes.
- Mantemento de relacións e contactos directos co tecido empresarial, para a captación e xestión de ofertas de emprego, convenios, etc...
- Realizar prospección, intermediación e inserción efectiva, adecuando os perfís ás necesidades das empresas e xestionando as ofertas a través da aplicación informática deseñada para desenvolver o proxecto e facendo a derivación das persoas candidatas ós postos ofertados.
- Colaborar na mellora continua do proxecto así como desenvolvelo de acordo coas accións que se establezan (colaborativamente).
- Informar sobre os incentivos e medios dispoñibles para o apoio das iniciativas emprendedoras.
- Realizar todas as actividades e accións que se consideren necesarias para acadar os obxectivos de inserción que esixe o proxecto.
- Rexistrar na aplicación informática, deseñada para a desenvolver o proxecto, toda a información xerada da atención aos usuarios/as, todos os datos relativos ás accións, formación, itinerarios, perfís, contratacións, seguimentos, de forma coordinada.
- Impartir accións formativas relacionados coas técnicas de busca de emprego, motivación para o do emprego, realización do CV, cartas de presentación, entrevistas de selección (si fose necesario) e asesoramento en temas relacionados coa inserción laboral (ofertas de emprego, etc.).
- Realizar os trámites e preparar os documentos necesarios para cumprir ca correcta xustificación das distintas fases do programa integrado de emprego: documentación de inicio, ficheiros informáticos, fichas de alta e baixa, publicidade, memoria final, xustificación de gastos, liquidacións (actuando de xeito coordinado co persoal do departamento e seguindo as indicacións que se lle dean dende o departamento), e calquera outra que sexa necesaria para a correcta posta en marcha, xustificación e logro de obxectivos do programa integrado de emprego.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.





Concello do Porriño

SEGUNDA. RETRIBUCIÓN.

As retribucións das persoas seleccionadas e contratadas mediante o devandito contrato laboral temporal, determinaranse consonte a táboa retributiva do Anexo I da modificación do convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral do Concello do Porriño, publicada no BOP núm. 246, do 26-12-2013, coas actualizacións legais correspondentes segundo a vixente Lei de orzamentos xerais do Estado e, no seu caso, as instrucións que dite o Ministerio de Facenda e Función Pública.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E PROGRAMA.

O citado contrato de mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, e o devandito programa de carácter temporal rematarán o día 14-10-2026.

CUARTA. LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA.

De conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 24 de marzo, no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto, no Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma:

As persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas durante un prazo, ao que sumado a totalidade ou parte do tempo da contratación obxecto destas bases, sexa superior a dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo co concello do Porriño, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de vinte e catro meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador/a entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

QUINTA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un á data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da contratación para a execución do devandito programa:

A) NACIONALIDADE.

Ser español/a. *(Acreditarase mediante fotocopia do DNI en vigor).*

Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. *(Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante fotocopia da tarxeta en vigor acreditativa, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe).*





Concello do Porriño

B) IDADE.

Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. *(Acreditarase de igual forma que o apartado A).*

C) CAPACIDADE FUNCIONAL.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do contrato obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a).*

D) NON HABER SIDO SEPARADO OU INHABILITADO.

Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).*

E) NON INCORRER EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE.

Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a).*

F) POSUÍR CARNÉ DE CONDUCIR CLASE B E DISPOÑER DE VEHÍCULO.

1. Posuír carné de conducir da clase B. *(Acreditarase coa fotocopia do referido permiso de condución en vigor).*
2. Dispoñer de vehículo. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a).*

G) TITULACIÓN.

Estar en posesión do título de universitario de Grao ou Diplomatura (Artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación, expedida polo organismo competente para establecelas.

H) NON ESTAR COMPRENDIDO EN CAUSA DE ENCADEAMENTO DE CONTRATOS TEMPORAIS.

Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base cuarta de exclusión automática desta convocatoria. *(Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida a partir do mes de outubro do 2025** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a de non estar comprendido en*





Concello do Porriño

causa encadeamento de contratos temporais).

SEXTA. SOLICITUDES.

As solicitudes dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello do Porriño, e poderán presentarse no Rexistro Xeral, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou por sede electrónica (oporrino.sedelectronica.gal/), durante o prazo de **3 días hábiles**, contados a partir do seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria no FARO DE VIGO.

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal/> e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño, e remitirase unha copia das mesmas á Oficina de Emprego do Porriño da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e o anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, computándose o referido prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso tal como quedou dito, dende a publicación no FARO DE VIGO.

As solicitudes poderán formularse conforme o modelo que se acompañan como **ANEXO II** destas bases, ou na forma que determina o art. 66 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e o nomeamento que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo empregado que admita o envío antes de seren certificadas.

No caso de presentaren as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral do Concello do Porriño e dado o carácter urxente destas bases e os prazos previstos nas mesmas faise necesario que os/as interesados/as remitan por e-mail unha copia da solicitude presentada ó correo electrónico rosi.emplo@oporrino.org, ó jorge.emplo@oporrino.org dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegarán:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixentes.
- Fotocopia do carné de conducir da clase B en vigor.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Declaracións responsables de cumprir os requisitos sinalados na base quinta, apartados c), d), e), e f).1 .
- Certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida a partir do mes de outubro do 2025.
- Relación dos méritos que aleguen ter e documentación xustificativa dos mesmos para avaliar na fase de concurso segundo o baremo establecido nestas bases. Só se valoraran os méritos acreditados.
- Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente, aos efectos de exención da proba de coñecemento de lingua galega.

SÉTIMA. ACCESO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.





Aos efectos do proceso selectivo contido nestas bases e dos actos e actuacións que deriven do mesmo, terán a consideración de persoas con discapacidade as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013 ou normativa posterior que substitúa esta definición. Non obstante, no caso de tratarse dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, so terán a condición de persoas con discapacidade aos efectos destas bases se teñen recoñecida e acreditan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento.

As persoas con discapacidade deberán cumprir co establecido nestes bases, tendo en conta as peculiaridades ou previsións que se contemplan nesta base.

Unicamente poderán presentarse a persoas con discapacidade as que teñan tal consideración, acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións da praza convocada e cumpran co resto de requisitos que se determinan nestas bases.

Ademais do indicado na base 4ª relativa á presentación de solicitudes, os/as opositores/as con discapacidade xeral deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; así como o de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada.

Aqueles/as aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición, deberán:

- a) Solicitalo expresamente na súa instancia, concretando as adaptacións que necesita.
- b) Achegar coa solicitude o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Como xa se indicou, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios para estas persoas, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

Tal como prevé o artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as probas selectivas para persoas con discapacidade terán idéntico contido para todos os aspirantes, sen prexuízo das adaptacións que necesiten as persoas con discapacidade.

OITAVA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.





Concello do Porriño

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o Alcalde ditará resolución pola que se aprobo **a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as**, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, así como a designación do Tribunal do proceso de selección.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, establecendo un prazo de **2 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación para poder emendar, de ser o caso, os erros, omisións ou defectos que motivaron a súa exclusión, así como para promover a recusación dos membros do Tribunal. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emenden tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerárase definitiva.

Transcorrido o prazo anterior, o Alcalde ditará resolución pola que **aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as** ao proceso selectivo, e fixará o lugar, data e hora da constitución do Tribunal, así como o lugar e a data de comezo das probas da oposición (entrevista) e a valoración dos méritos da fase do concurso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non significa que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

NOVEVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polos empregados públicos que designe a Alcaldía. Publicándose a súa composición consonte ao disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

O Tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares e xunto con estes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP), así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do estado.





Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para abstención, conforme ao artigo 24 da LRXSP. Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable. Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

Os acordos do tribunal vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder a súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, con voz pero sen voto, que colaborarán con aquel exclusivamente no exercicio das súas especialidades.

O tribunal, por medio do seu Presidente, tamén poderá dispor a incorporación de empregados/as públicos do concello que colaboren no desenvolvemento do proceso de selección baixo a dirección do tribunal, para os supostos nos que fosen necesarios.

A os/as membros, asesores/as e colaboradores/as do tribunal que asistan as súas sesións, no seu caso, aboaránselle indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de locomoción, consonte ao establecido na normativa vixente no momento do devengo.

DÉCIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de Concurso-oposición.

DÉCIMO PRIMEIRA.- FASE DE CONCURSO. (MÁXIMO 8 PUNTOS).

A fase de concurso, que se realizará en primeiro lugar, non terá carácter eliminatorio, nin poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición que será posterior sempre ao concurso.

Nesta fase de concurso só se valorarán e cualificarán os méritos alegados e xustificados, no momento de presentar a solicitude de participación, que figuren incluídos nestas bases puntuándose conforme ao seguinte

BAREMO:

1. Experiencia profesional (máximo 5 Puntos):

- a) Por cada mes de servizos prestados, na Administración pública como orientador/a laboral, ou titor/a en programas integrados de emprego, a razón de 0,20 puntos.
- b) Por cada mes de servizos prestados, na empresa privada, como orientador/a laboral, ou titor/a en programas integrados de emprego, a razón de 0,15 puntos.
- c) Por cada mes de servizos prestados, na Administración pública, como orientador/a laboral ou titor/a noutros programas diferentes de promoción de emprego, a razón de 0,10 puntos.





Concello do Porriño

d) Por cada mes de servizos prestados, na empresa privada, como orientador/a laboral ou como titor/a noutros programas diferentes de promoción de emprego, a razón de 0,05 puntos.

A puntuación máxima dos apartados anteriores de experiencia profesional non poderá superar os 5 puntos.

Os servizos prestados na Administración pública acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración pública onde os houberse prestado e os prestados na empresa privada mediante contrato de traballo acompañado de vida laboral actualizada.

Non se valorarán a experiencia como empregado público eventual ou de confianza.

A ausencia total ou parcial de documentación acreditativa dos méritos dará lugar a que o tribunal non valore os mesmos.

2. Formación (máximo 3 puntos):

a) Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas coas funcións fixadas no punto 4 da base primeira desas bases o que teñan relación coas funcións descritas destas bases, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración ou Organismo Público (INAP, EGAP, INEM e outros organismos oficiais), se trate de cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas ou do plan de formación do Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados. A puntuación outorgarase de conformidade co seguinte baremo:

-Cursos de 10 horas a 19 horas:	0,05 puntos.
-Cursos de 20 horas a 39 horas:	0,10 puntos.
-Cursos de 40 horas a 59 horas:	0,20 puntos.
-Cursos de 60 horas a 99 horas:	0,30 puntos.
-Cursos de 100 horas a 149 horas:	0,40 puntos.
-Cursos de máis de 149 horas:	0,50 puntos.

Non se valorarán cursos, xornada, seminarios, congresos ou similares de menos de 10 horas. Cando existan varios cursos de idéntico contido, valorarase unicamente o de maior duración.

Cando existan varios cursos de similar contido, valorarase só o máis favorable.

Os cursos de informática non poderán superar na valoración 0,50 puntos, e non se valorarán aqueles que teñan unha antigüidade superior a 10 anos.

Os cursos acreditaranse mediante fotocopia do documento que acredite a súa realización. A puntuación máxima por este apartado de formación non poderá superar os 3 puntos.

A data de referencia para a valoración dos méritos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A puntuación obtida polo aspirante nesta fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

As puntuacións outorgadas na fase de concurso publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño, antes do comezo do primeiro exercicio da





Concello do Porriño

fase de oposición.

DÉCIMO SEGUNDA.- FASE DA OPOSICIÓN (20 puntos máximo).

12ª.1.- DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN.

O día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas, fixaranse na resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificados con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento se considerará único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os aspirantes á sesión á que haxan sido convocados.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

En calquera momento o tribunal poderá requirir os/as opositores para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os exercicios celebraranse sen outra asistencia que os membros do tribunal, asesores, colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba que o poida requirir de xeito oral, que se realizarán en sesión pública.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento ou dispositivo do que se poida valerse o opositor para auxiliarse na realización dos exercicios, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, o opositor/a será sancionado/a coa expulsión do exame e o abandono do proceso selectivo.

Concluído cada un dos exercicios da oposición o Tribunal fará pública a relación, por orde decrecente, de aspirantes que os superasen, coa indicación da puntuación

Concello do Porriño

10





Concello do Porriño

obtida no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño. Os opositores non incluídos na devandita relación terán a consideración de non aptos quedando eliminados da oposición.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

12ª.2.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

A oposición constará dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dun ou varios supostos ou probas prácticas determinados polo Tribunal e baseados no contido do temario destas bases (ANEXO I) durante un período de tempo tamén fixado polo Tribunal. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (20) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de dez (10) puntos.

Segundo exercicio: Coñecemento do galego. De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego. Os textos serán escollidos polo tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma.

Este exercicio avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título Celga 4, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos. Esta exención haberán de acreditala documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do citado prazo de 5 días hábiles de presentación de solicitudes.

DÉCIMO TERCEIRA. CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO E RELACIÓN DE APROBADOS.

A cualificación obtida polos aspirantes resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios da oposición, sumaráselle a puntuación outorgada na fase de concurso, obténdose así a puntuación final.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública, a relación de aprobados por orde de puntuación decrecente e a proposta de contratación dos opositores/as que superase os exercicios da oposición e obtivera a maior puntuación no proceso de selección, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web www.oporrino.org do Concello do Porriño.





Concello do Porriño

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida no segundo exercicio. Se continua o empate entre aspirantes desfarase o mesmo tomando a maior puntuación obtida en primeiro lugar no apartado de experiencia profesional e si se mantivese o empate en segundo lugar a obtida no apartado de formación da fase de concurso e de persistir o empate este resolverase mediante sorteo.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os/as aspirantes propostos/as, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, durante o período de proba contractual, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

No contrato deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que a persoa proposta non se presente a formalizar o correspondente contrato, non o puidera formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizado fora extinguido ou suspendido por causas legais, ou para outros supostos en que o contratado/a non puidera cumprir o contrato ou en casos de baixas o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda da relación de aprobados que servirá de lista de reserva, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto/a poida exceder do tempo indicado nas bases primeira e terceira.

DÉCIMO QUINTA. INCIDENCIAS.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I. TEMARIO

1. Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 16 de xullo de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG nº 136, de data 17-07-2025).

Concello do Porriño





Concello do Porriño

2. A intermediación laboral. Novos perfís profesionais. Xestión por competencias.
3. A colaboración pública e privadas dos servizos de emprego. Portais de emprego e autoemprego.
4. Habilidades sociais para a orientación laboral. Intelixencia emocional. Liderado.
5. Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Programas de apoio ao emprego de persoas mozas do SNGX.
6. Planificación e xestión do proceso de busca de emprego. A axenda de busca de emprego.
7. Mercado laboral, xacementos de emprego, perspectivas de empregabilidade, oportunidades.
8. A prospección do mercado de traballo.
9. Análise dos postos de traballo.
10. Contratos laborais. Modelos, normativa, características
11. A Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
12. Itinerarios personalizados de inserción laboral (IPIS) a través da orientación laboral. Elaboración, metodoloxía, características...
13. Os programas integrados en materia de emprego. Concepto, obxectivos e destinatarios. O seu desenvolvemento e xustificación.
14. A contratación no Sector Público.

ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO PARA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE DOUS TÉCNICOS/AS DE ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN LABORAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADO DENOMINADO "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2025/2026" [ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 16 de xullo de 2025 (DOG nº 136, de data 17-07-2025) que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia para o ano 2025-2026].

D./Dña.:	
DNI nº.:	
Enderezo:	
Localidade:	Código Postal:
Teléfono/s:	e-mail:

EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:

- a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o devandito proceso selectivo.
- b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases que rexen o citado proceso de selección.
- c) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:
 - ☐ Fotocopia do DNI ou pasaporte, vixente.
 - ☐ Fotocopia de carné de conducir clase B, vixente.
 - ☐ Fotocopia da titulación esixida.

Concello do Porriño





Concello do Porriño

- ☐ Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente, aos efectos de exención da proba de coñecemento de lingua galega (base 9ª).
- ☐ Declaracións responsables de cumprir os requisitos sinalados na base 5ª, apartados c), d), e), f).
- ☐ Relación dos méritos que alego e fotocopia da documentación xustificativa dos mesmos conforme se establece na base sexta das Bases que rexen o proceso selectivo.
- ☐ Certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida a partir do mes de outubro do 2025.
- ☐ Estando en situación de discapacidade, achego a documentación esixida na base 7ª e solicito a adaptación de tempo e/ou medios que se indica a continuación:

.....
.....
.....

Por todo o exposto, **SOLICITA** ser admitido/a ó devandito procedemento de selección para a contratación de dous técnicos/as de orientación e prospección laboral para execución do citado programa.

O Porriño, a de de 2025

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

Cod. Validación: 4EX739LEHYHH6LMXPMQEGTEHG
Corrección: <https://oporino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14

Concello do Porriño

14

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

